EXERCICIOS E ACTIVIDADES DA SECCIÓN 8ª

Como exercicio propóñense 5 textos breves para identificar e aplicar os conceptos estudados anteriormente.

1. Este primeiro texto trata da relación entre o dereito decidadanía e propiedade. Despois de lelo, responde as preguntas sobre o tema:

> "Xa Locke incluía na súa relación de dereitos o de "bens", ao mesmo tempo que a declaración francesa falaba de "propiedade". Pero a conexión entre cidadanía e propiedade é tan antiga como a mesma condición de cidadán; por iso é polo que resulta un tema bastante recorrente ao longo da historia. En Grecia, os espartiatas (cidadáns de Esparta) tiñan propiedades, e de feito Aristóteles afirmaba que ser propietario era unha das condicións previas para optar á cidadanía, unha postura que contou con moitos partidarios ao longo dos séculos. En poucas palabras: un home sen propiedade carecía de tempo libre para involucrarse en asuntos de índole pública e, ademais, a probabilidade de sucumbir a un suborno era menor se se contaba con bens propios. A propiedade era símbolo de "virtude", no sentido de contar cunha disposición plena." (D. Heater: *Cidadanía*).

   a) Cales son as razóns esgrimidas para poñer a propiedade como condición previa para ser cidadáns?
   b) Como se pretenden resolver hoxe tales problemas?
   c) Que outras razóns se che ocorren da relación histórica entre propiedade e dereito de cidadanía?

2. Este texto contrapón a concepción republicana á liberal. Deberás ler o texto e responder as cuestións propostas despois:

> "O *modelo de pensamento cívico republicano* sobre a cidadanía (tamén chamado «clásico» ou «humanista cívico») defende que a forma de estado ideal é a que se sostén sobre dous alicerces, que son: unha cidadanía formada por homes politicamente virtuosos e un modelo de goberno, cun estado constituído en "república", no sentido dun goberno constitucional e non un dirixido de forma arbitraria ou tiránica. Ambos os elementos (boa conduta cívica e un modelo de estado republicano) eran esenciais, de aí o termo «cívico republicano». Se a tiranía facía imposible unha comunidade de cidadáns libres, unha «república» non sería factible sen o apoio activo e participación dos cidadáns. A cidadanía, xa que logo, supuña principalmente obrigacións e virtude cívica. A *postura alternativa e liberal* evolucionou nos séculos XVII e XVIII para rexurdir, sen dúbida, con moita máis forza nos séculos XIX e XX. Esta escola de pensamento sostén que o Estado existe para beneficio dos seus cidadáns, e ten a obrigación de garantir a existencia e goce de certos dereitos." (D. Heater: *Cidadanía*)

   a) Cales son os alicerces da concepción republicana da cidadanía?
   b) Cal é o presuposto da concepción liberal?

3. Para o recoñecemento dos dereitos plenos de cidadanía a determinados colectivos foi precisa unha longa loita. No caso das mulleres, tal loita durou séculos. Un fito significativo desta loita foi a coñecida "Declaración de Seneca Falls". En 1848 celebrouse en *Seneca Falls* (Nova York) a primeira convención sobre os dereitos da muller en Estados Unidos, organizada por Lucretia Mott e Elizabeth Cady Stanton. O resultado foi a publicación dunha declaración chamada por elas "Declaración de sentimentos". Un documento, baseado na Declaración de Independencia dos Estados Unidos, no que denunciaban as restricións, sobre todo políticas, ás que estaban sometidas as mulleres: non poder votar, nin presentarse a eleccións, nin ocupar cargos públicos, nin afiliarse a organizacións políticas ou asistir a reunións políticas: Vexamos unha escolma que nos dará idea dos dereitos dos que aínda carecían as mulleres:

> "Mantemos que as seguintes verdades son obvias: que todos os homes e mulleres son creados iguais [...] A historia da humanidade é a historia de repetidas vexacións e usurpacións por parte do home con respecto á muller [...] Nunca lle permitiu exercer o seu dereito inalienable ao voto [...] Obrigouna a someterse a unhas leis en cuxa elaboración non ten voz [...] Privouna duns dereitos dos que gozan ata os máis ignorantes e degradados, independentemente de que sexan do país ou non [...] Agora que as mulleres nos sentimos agraviadas, oprimidas e privadas ilegalmente dos nosos dereitos máis sacros, reclamamos que se nos concedan todos os dereitos e privilexios que nos pertencen como cidadás dos Estados Unidos de América."

a) Cal é o fundamento da súa reivindicación?
b) Que reclaman?

4. A pensadora española A. Cortina presenta no seguinte texto o problema do multiculturalismo, tan característico das sociedades modernas abertas:

> "Outro tipo de problemas aparecen nas sociedades que reúnen no seu seo diversas culturas. A diversidade de crenzas e de símbolos fai difícil a convivencia, pero sobre todo o feito de que habitualmente unha desas culturas sexa a dominante e o resto quede relegado, dando pé a unha distinción entre «cultura de primeira» e «culturas de segunda» que suscita sen remedio sentimentos de inxustiza e desinterese polas tarefas colectivas. Cómo saberse e sentirse cidadán igual cando a propia cultura é preterida? Cómo aceptar as normas políticas dunha cultura que resulta estraña? Certamente, se a cidadanía ha de ser un vínculo de unión entre grupos sociais diversos, non pode ser xa senón unha cidadanía complexa, pluralista e diferenciada e, no que se refire as sociedades en que conviven culturas diversas, unha cidadanía multicultural, capaz de tolerar, respectar ou integrar as diferentes culturas dunha comunidade política de tal modo que os seus membros se sintan «cidadáns de primeira». Para isto que fóronse ensaiando distintas fórmulas, con maior ou menor fortuna.(…)
> Pero non se trata de manter as diversas culturas coma se fosen especies biolóxicas e houbese que defender a «biodiversidade». Trátase máis ben de tomar conciencia de que ningunha cultura ten solucións para todos os problemas vitais, e de que pode aprender doutras, tanto solucións das que carece, como a

comprenderse a si mesma. Neste sentido, unha ética intercultural non se contenta con asimilar as culturas relegadas á triunfante, nin sequera coa mera coexistencia das culturas, senón que invita a un diálogo entre as culturas, de forma que respecten as súas diferenzas e vaian dilucidando conxuntamente que consideran irrenunciable para construír dende todas elas unha convivencia máis xusta e feliz." (A. Cortina: *Cidadáns do mundo*)

a) Que problemas presenta o multiculturalismo?
b) Cal é a proposta da autora para encarar este problema?

5. G. Peces-Barba presenta no seguinte texto os sucesivos logros na conquista dos dereitos de cidadanía até finais do século XX, pero limitados ao ámbito da nacionalidade; agora pensa que hai que superar eses límites:

"No século XX a identificación da cidadanía cos nacionais dun país, deixa fora fenómenos moi relevantes, como a estranxeiría e a emigración. Conquistouse a cidadanía desde a laicidade, distinguindo ao cidadán do crente; conseguiuse a emancipación e a recuperación da autonomía e da dignidade; conquistouse o poder político, primeiro pola burguesía e logo para todos, cos dereitos individuais civís e políticos, co consentimento e a representación, e cos valores e as institucións liberais (Parlamento, Constitución, imperio da lei e separación de poderes). O control da constitucionalidade, xeneralizado nos países democráticos logo da Segunda Guerra Mundial, pechaba o Estado de Dereito. A achega do socialismo ético, liberal ou democrático incorporara a igualdade material á igualdade ante a lei, cos dereitos económicos, sociais e culturais que impulsaban a satisfacción de necesidades básicas para quen non podían obter esa satisfacción por si mesmos. Estabamos ante a cidadanía nacional para quen eran membros do Estado, pero aínda non estabamos ante a cidadanía cosmopolita intuída por Kant: emigrantes, estranxeiros, apátridas ou perseguidos por razóns políticas, culturais, sociais ou relixiosas. Cidadanía vinculada á nacionalidade, á pertenza á comunidade estatal, supón un status de dereitos e obrigacións e unha posibilidade de participación como membros da sociedade política. Pero aínda quedan fora eses sectores. (…) O esforzo por avanzar nese sentido é no momento actual o da extensión da cidadanía, chegando á súa xeneralización fronte á cidadanía estatal, que, de feito, defende a exclusión, a fronteira e muralla que segrega a unha boa parte dos que viven con nós. É a segunda etapa da cidadanía social. Trátase de percorrer agora un camiño inverso á primeira experiencia. Os residentes estranxeiros terán primeiro a cidadanía social e intentarán despois loitar por acadar a cidadanía individual e política." (G. Peces-Barba: *Educación para la cidadanía*)

a) Cal é o problema de circunscribir os dereitos de cidadanía ao ámbito da nacionalidade?
b) Cal é a solución proposta?
c) Cal é o camiño, segundo o autor?

Solucións:

1. Relación entre propiedade e cidadanía:
   a) As razóns aducidas para poñer a propiedade como condición previa da condición de cidadán son: 1) a necesidade de tempo libre para involucrarse en asuntos de índole pública, do que os pobres sen propiedade carecían; e ademais, 2) a probabilidade de sucumbir a un suborno era menor se se contaba con bens propios.
   b)Na actualidade tales dificultades adoitan paliarse con retribucións adecuadas aos que desempeñan funcións públicas.
   c) En realidade, os cidadáns eran a clase dominante con autonomía e medios (propiedade) para sobrevivir, mentres que os non propietarios dependían dos propietarios para a súa supervivencia.

2. Concepción republicana e liberal da cidadanía:
   a) O modelo de pensamento cívico republicano supón dous elementos como base dun estado ideal: 1) unha cidadanía de individuos politicamente virtuosos (que se comprometan nos asuntos públicos), e 2) un modelo de goberno "republicano" (de participación), non un dirixido de forma arbitraria ou tiránica.
   b) O pensamento liberal sostén que o Estado só existe para o beneficio dos seus cidadáns, e ten a obriga de garantir a existencia e goce dos seus dereitos individuais.

3. Declaración de *Seneca Falls*:
   a) O fundamento da súa reivindicación é que todos os homes e mulleres son creados iguais, pero que a historia da humanidade é a historia de repetidas vexacións e usurpacións por parte do home con respecto á muller.
   b) Reclaman todos os dereitos e privilexios que lles pertencen como cidadás.

4. Os problemas do multiculturalismo:
   a) A diversidade de crenzas e de símbolos fai difícil a convivencia, dando pé a unha distinción entre «cultura de primeira» e «culturas de segunda», que suscita sen remedio sentimentos de inxustiza e desinterese polas tarefas colectivas.
   b) A forma de encarar o problema sería desenvolver unha ética intercultural de diálogo entre as culturas, de forma que respecten as súas diferenzas e vaian dilucidando conxuntamente que consideran irrenunciable para construír dende todas elas unha convivencia máis xusta e feliz: unha cidadanía asentada sobre a xustiza que serva de vínculo de unión entre todos.

5. Cara a unha cidadanía cosmopolita:
   a) A cidadanía vinculada á nacionalidade supón un status de dereitos e obrigacións para quen son membros da comunidade estatal; pero aínda quedan fora sectores como emigrantes, estranxeiros, apátridas ou

perseguidos por razóns políticas, culturais, sociais ou relixiosas, separados por unha fronteira de exclusión.

b) A proposta do autor é unha cidadanía cosmopolita, xa intuída por Kant.

c) O camiño seguido anteriormente dende as revolucións burguesas foi dos dereitos civís e políticos aos sociais e económicos. Agora pensa o autor que o camiño que se albisca é o inverso: dos dereitos socio-económicos (recoñecidos xa en moitos casos aos traballadores inmigrantes) aos dereitos políticos de sufraxio e representación.